

Resolución do 31 de outubro do 2024 do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A pola que se ditan as instrucións que regularán as situacions relativas á sinatura de contratos como persoal laboral fixo e á finalización da relación laboral que deriven da execución do proceso excepcional de estabilización convocado pola Resolución do 29 de decembro do 2022.

Estando próximo o remate do proceso excepcional de estabilización ao que se fai referencia na cabeceira, procede regular os trámites, prazos e condicións necesarios para a sinatura dos contratos como persoal laboral fixo e para a finalización da relación laboral se fora o caso.

A dita regulación resulta necesaria para a Corporación xa que logo precisa garantir un proceso ordenado e dotado de seguridade xurídica que ademais lles permita tamén ás persoas traballadoras organizar e prever os trámites necesarios.

I. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

De acordo co establecido na base IV.2 da Resolución de 29 de Decembro de 2022 as persoas que figuren na relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo deberán presentar os seguintes documentos:

- **Declaración** baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o nin despedida/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso á categoría da que foi separada/o ou inhabilitada/o, nin pertencer á mesma categoría.

O modelo figura como Anexo III da Resolución de convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos

O modelo figura como Anexo IV da Resolución de convocatoria.

- **Informe sobre o estado de saúde** que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Non terá que presentar ningunha documentación:

- ✓ persoal laboral indefinido que acada praza fixa na mesma categoría.
- ✓ persoal laboral con interinidad en vacante que acada praza fixa na mesma categoría.
- ✓ persoal laboral con contrato de obra ou servizo que acada praza fixa na mesma categoría.
- ✓ outro persoal laboral temporal con contrato vixente que acade praza fixa na mesma categoría.
- ✓ persoal que tivese unha vinculación laboral previa coa CTVG na mesma categoría e rematara a contratación no período máximo de tres (3) meses anteriores á data de publicación da resolución de persoas que superaron o proceso selectivo.

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria non poderán ser designados persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

O prazo de presentación da documentación será de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da resolución pola que se faga pública a listaxe de persoas que superaron o proceso selectivo, irá dirixida ao Departamento de Recursos Humanos da Corporación e presentarase en calquera rexistro oficial ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, se se trata de documentos con sinatura dixital.

Para as persoas non exentas de presentar a documentación: tanto a declaración como o informe de saúde deberá ter unha data posterior á publicación da resolución de persoas que superaron o proceso selectivo. Para o caso de non atopar cita médica disponible para obter o informe de saúde, deberán acreditar ter solicitado a cita no prazo dos vinte días, nese caso achegarán o informe médico no prazo de 3 días hábiles dende a súa expedición.

II. PROCEDIMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E INCORPORACIÓN

Para a mellor xestión dos cambios necesarios ditarase unha resolución indicando as datas e horarios nos que se realizarán as sinaturas dos contratos. Para o anterior deberanse ter en conta as seguintes excepcións:

- **Vacacións, permisos e licenzas.**

No caso do persoal vinculado á Corporación que estea disfrutando de vacacións, permisos ou licenzas recollidas no convenio colectivo, o prazo para a sinatura do contrato será de 5 días hábiles dende o seu remate.

- **Incapacidade temporal ou permanente**

No caso do persoal vinculado á Corporación que estea na situación de Incapacidade Temporal, o prazo para a sinatura do contrato será de 5 días hábiles dende a alta médica.

No caso do persoal non vinculado á Corporación que estea na situación de Incapacidade Temporal, deberá acreditar a mencionada situación no prazo de 5 días hábiles, dende a publicación das listaxes de persoas que superaron o proceso selectivo. Nese caso o prazo para a sinatura do contrato será de 5 días hábiles dende a alta médica.

- **Permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, situación de risco durante o embarazo e incapacidade temporal derivada do embarazo**

As persoas que se atopan disfrutando dun permiso de nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou incapacidade temporal derivada do embarazo formalizarán o novo contrato no prazo de 5 días hábiles dende a finalización da súa situación.

Os efectos laborais e económicos que puideran derivarse da adquisición da condición de persoal laboral fixo neste proceso serán dende o día 1 de xaneiro do 2025, salvo que se asine o contrato con posterioridade, neste caso os efectos serán dende o día da sinatura.

III. PRAZAS

A representación asociada aos movementos provocados polos cesamentos e nomeamentos terán o seu reflexo como altas e baixas na seguridade social.

Ás persoas que superen o proceso selectivo seralles adxudicado o mesmo código de praza que posuían, sempre e cando figure na listaxe de postos que figura no Anexo I da Resolución do 29 de decembro do 2022, e incorporaranse na mesma quenda e horario que viñan realizando e o mesmo centro de traballo.

Ás persoas que superen o proceso selectivo e que non se atopen no caso anterior asignaránsele un código de praza, dos ofertados no Anexo I da Resolución do 29 de decembro do 2022 e non afectados polo punto anterior, e quedarán adscritas ao centro de traballo de San Marcos e sen vinculación coa quenda e horario que realizaba a persoa que a ocupaba con anterioridade.

As persoas traballadoras que non se presenten para a sinatura do contrato ou para a incorporación ao posto de traballo, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e aceptados pola Corporación, nos prazos e datas referidos nos parágrafos anteriores, decaerán no seu dereito de obter a condición de persoal laboral fixo da CRTVG.

Serán respectados, sen necesidade de nova solicitude, todas as medidas de conciliación das que a persoa viñese disfrutando e nos mesmos termos nos que se concederon.

IV. CESAMENTO NA VINCULACIÓN LABORAL

Con carácter xeral o persoal laboral que ocupa as prazas convocadas e non supere o proceso de estabilización rematará na súa relación laboral coa CRTVG o día 31 de decembro de 2024, salvo supostos excepcionais, que serán notificados individualmente.

No caso de que a persoa que teña que asinar o contrato como laboral fixo se atope nalgunha das situacions relacionadas no punto II a persoa que a substitúa continuará coa prestación de servizo ata a sinatura do contrato.

V. SUPOSTOS ESPECIAIS

- **Reducións de xornada**

O persoal da CRTVG que, no momento de producirse o cambio de contrato, tivese concedida unha redución de xornada, poderá continuar coa mesma redución que tiña concedida unha vez que se formalice o cambio, sen que sexa preciso realizar unha nova solicitude.

- **Excedencias**

O persoal vinculado á CRTVG que se atope disfrutando dunha das excedencias recollidas no Convenio Colectivo, asinará o seu contrato na data establecida no punto II. No momento deberá comunicar por escrito se desexa manterse na situación de

excedencia da que viña disfrutando ou incorporarse ao posto de traballo, poñendo fin á excedencia.

- **Compatibilidade**

As persoas que, ao abeiro da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, teñan autorizada ou recoñecida a compatibilidade para o desempeño doutra actividade disporán de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da sinatura do contrato de persoal laboral fixo para solicitar a compatibilidade consonte á nova condición, entendéndose prorrogada a compatibilidade en tanto non recae a nova resolución. Todas as autorizacións ou recoñecementos de compatibilidade realizados con anterioridade á modificación do vínculo xurídico quedarán automaticamente sen efecto.


- **Expediente disciplinario**

Na situación na que o persoal que teña que asinar o contrato de persoal laboral fixo se atope pendente da resolución ou da execución dun expediente disciplinario, suspenderase o prazo para a sinatura contrato ata que se resolva efectivamente o expediente disciplinario e/ou se leve a cabo a posible imposición de sanción á persoa traballadora.

No caso de estar executándose unha sanción o prazo de sinatura do contrato será de 5 días hábiles a partir do completo cumprimento da mesma.

As presentes instrucións terán efecto dende o momento no que se faga pública a resolución pola que se estableza a listaxe de persoas que resultaron aptas no proceso e non antes. Na resolución de superación do proceso deberá constar expresamente a súa aplicación.

San Marcos, 31 de outubro do 2024
O Director Xeral da Corporación RTV S.A.


Alfonso Sánchez Izquierdo